



Semana Branca. Curso 23-24

O departamento de Educación Física ten como obxectivos últimos a promoción de hábitos de vida saudables e a autonomía na práctica de actividade física. Estes obxectivos serán alcanzados, fundamentalmente, a través do traballo de aula. A oferta de actividades complementarias nos diferentes cursos procurará acercar ós rapaces e rapazas a prácticas deportivas no medio natural. A proposta do departamento para 3º ESO consistirá na realización de actividades de neve: esquí ou "snowboarding", enmarcada no bloque de contidos referido ás actividades no medio natural.

Obxectivos específicos da actividade

1. Introducir á práctica de deportes de neve ampliando o abano de actividades físicas.
2. Ampliación das experiencias motoras dos rapaces e as rapazas.
3. Fomentar valores como cooperación, solidariedade e respecto cos compañeiros, así como responsabilidade, organización e autonomía.
4. Proporcionar unha experiencia vital única e inesquecível.

Datos concretos

- **Onde?** En Andorra. Grandvalira → Sector El Tarter
- **Cando?** Entre o 20 e o 27 de xaneiro de 2024.
- **Custo?** 🗝️ 605€ (632.5€ con Caldea)
- **Que inclúe ese prezo?**
 - Desprazamentos en autobús
 - Aloxamento e manutención (almorzo e cea no hotel, xantar en pistas)
 - Hotel Delfos [<https://www.hoteldelfos.com/>]
 - Aluguer de material (botas, esquís ou snowboard e cascos)
 - Forfait-remontes
 - 2 horas de clases cada día
 - Seguro en pistas.

Pagos á axencia de viaxes - Viajes Sierra [<https://www.viajessierra.com/es/inicio.html>]

- Transferencia a Banco Sabadell ➡ ES20 0081 0499 6700 0227 7334
 - ◆ ⚠️ **Concepto:** 100-Nome e apelidos
 - Exemplo: [100 - Marcos González Pérez]
- Pago #1: 200€ (ou 225€ con seguro de cancelación) ➡ Ata o 3 de novembro de 2023
- Pago #2: 200€ ➡ Ata o 21 de decembro de 2023
- Pago #3: 205€ (ou 232.5€ con Caldea) ➡ Ata o 12 de xaneiro de 2024



- **Condicións de cancelación establecidas pola axencia de viaxes?** O custe de cancelación da participación na viaxe por parte dun alumno/familia será:

➤ Ata o 20 de decembro	150€
➤ Ata o 10 de xaneiro	300€
➤ Nos 10 días anteriores á data de saída	100% do importa da viaxe

👉 **Posibilidade de contratación de seguro de cancelación por causas moi xustificadas (consultar condicións¹)?** 🗉 25€

Desenvolvemento

- 1 profesor/a do centro por cada 20 alumnos/as participantes na actividade.
- O curso de esquí ou snowboarding desenvolverase na estación de El Tarter (Grandvalira) e será impartido por monitores da Federación Andorrana de Esquí e Snowboarding.
- Diariamente chegaremos á estación de esquí sobre as 9:00.
 - Cada día haberá dúas horas de clases da modalidade escollida,
 - Xantar no restaurante da propia estación
 - Tempo libre para a práctica do esquí ou snowboarding.
- Regresaremos ao hotel para a realización de actividades complementarias sobre as 18:00. No tempo que transcorre ata a hora da cea (21:00 aproximadamente) o alumnado poderá realizar as seguintes actividades:
 - O día indicado pola organización, o alumnado que así o desexe² poderá realizar unha visita a Caldea (centro termo-lúdico).
 - Visitas aos lugares máis típicos da localidade.
 - Tardes libres: visitas a tendas ou descanso no hotel.Estas actividades, así como outras que puideran xurdir durante a semana, serán organizadas polo profesorado acompañante.
- Destacar que Andorra é un país extremadamente seguro.

Co finalidade de poñer todo o operativo en marcha, poder reservar o hotel que nos interesa e as clases de esquí/snowboarding no horario mais convínente debemos contratar a viaxe na primeira semana de novembro (ata o 3 de novembro)

Para responder a tódalas dúbidas que poidades ter celebremos unha **reunión informativa**

- Data: **26 de outubro**
- Hora: **18:30 - 20:00**
- Lugar: salón de actos.

¹ Ver condicións particulares e xerais no dossier "Semanas Blancas 2023-24" na web www.viajessierra.com e www.viajesdecolegios.com

² O prezo é de 27.5€



AUTORIZACIÓN PARA ACTIVIDADE

Data límite de entrega: 3 de novembro de 2023³

Nome da actividade	Semana branca (Grandvalira, Andorra)		
Actividade organizada polo departamento de	Educación Física		
Datas de realización	Entre o 20 e o 27 de xaneiro de 2024		
Hora de saída	23:00 (aprox)	Hora de chegada	10:00 (aprox)
Custe da actividade	605 €		
	<ul style="list-style-type: none">Hotel Delfos https://www.hoteldelfos.com/		
Depósito inicial / Garantía de participación	A determinar pola axencia de viaxes		
Observacións	<ol style="list-style-type: none">Os pagos se realizarán á axencia de viaxes.A axencia de viaxes determinará as condicións en que se podería cancelar a participación na actividade e as implicacións económicas desta cancelación.As normas de organización e funcionamento do centro especifican o xeito en que a acumulación de faltas levemente contrarias a convivencia no centro ou unha falta gravemente contraria á convivencia traen consigo a privación de participación en actividades complementarias.Lembrar que as normas de organización e funcionamento do centro seguen vixentes durante a realización de calquera actividade complementaria ou extraescolar.Toda a información complementaria da actividade será publicada na páxina web do instituto e/ou trasladada nas reunións informativas. É responsabilidade das familias manterse informadas.		

	Nome e apelidos
Persoa proxenitora/titora legal/acolledora	
Alumno/a	
Curso: 3º ESO / Grupo:	

Concedo autorización ao alumno/a arriba indicado para participar na actividade que se relaciona e durante os días e horas que se indican. Tamén se autoriza, de ser o caso, a realización de fotografías ou vídeos para uso divulgativo e escolar (revista escolar, páxina web, exposicións didácticas...) respectando en todo momento o dereito ao honor, á intimidade persoal e á propia imaxe dos alumnos e alumnas.

A persoa proxenitora/titora legal/acolledora

Asinado : _____

En Vigo, de 2023

³ Entregar grampado o xustificante da transferencia realizada.